

SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 23/09/2019

PRESIDE

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ

SECRETARIO/A

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 23/09/2019 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 18-sep-2019, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2019/4369

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 23 de setembro de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 23 de setembro de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

a) **PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:**

| PROVEDOR | CIF | PROPOSTA DE GASTO A APROBAR |
|---|-----------|-----------------------------|
| COPRAROSA SL | B36242956 | 8.126,87€ |
| TALLERES S. IGLESIAS SL | B36222727 | 1.755,89 € |
| EMBALAXES SISTEMAS Y SERVICIOS ESPORT SLU | B94112711 | 14.036,00 € |
| SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1 | B15259765 | 3.674,77 € |
| GRÁFICAS ANDURIÑA SL | B36108173 | 6.576,35 € |
| VISUAL GRAPHICS IMAGEN Y PUBLICIDAD SL | B36892016 | 2.202,87 € |
| ASOC. DISM. PSIQUICOS CON ELES | G36296739 | 377,29 € |
| LAR PRO-SALUD MENTAL | G36119253 | 531,08 € |
| BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD SL | B94040524 | 3.827,28 € |
| TELESERVICIO INSTALACIONES DE OFICINA SL | B36365369 | 390,83 € |

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/4318

Dáse conta de proposta da Área de Comunicación e Área de Urbanismo, Mobilidade e Xestión dos Fondos Europeos (FEDER) en relación coa "Guía de Mobilidade" do Concello de Vilagarcía de Arousa, na que se indica:

O desenvolvemento de diversas operacións da Estratexia DUSI Vilagarcía Avanza, financiada pola Unión Europea a través dos FEDER, coincide en tempo coa iniciativa anual europea da Semana da Mobilidade á que se suma este ano o Concello de Vilagarcía de Arousa, que se desenvolverá ao longo da semana do 16 ao 22 de setembro de 2019.

O programa municipal de mobilidade VAI!, de mobilidade sostible, ideada e realizada pola Área de Comunicación Social do Concello de Vilagarcía e que tal e como se describe no documento adxunto, abrangue Vaibike!, Vaiapé!, Vaibús! e Vaibús+!, ten como obxectivo específico o fomento da mobilidade urbana sustentable, obxectivo que se pretende conseguir a través das actuacións realizadas ou a realizar dentro das distintas liñas de actuación da EDUSI Vilagarcía Avanza, entre elas está a liña de actuación de comunicación que ten como un dos obxectivos a potenciación da comunicación entre todos os axentes (administración pública, axentes económicos e sociais da sociedade civil).

Así, a través do proxecto "Guía de Mobilidade de Vilagarcía", cofinanciada polo FEDER dentro da liña de actuación EDUSI_AT_99994.1a COMUNICACIÓN do eixo 13, perséguese mellorar o coñecemento e a comprensión dos obxectivos e dos resultados dos fondos FEDER por parte dos axentes involucrados na súa implementación e pola cidadanía en particular.

Mediante a información e publicidade dos recursos de mobilidade na cidade de Vilagarcía preténdese fomentar un transporte urbano colectivo e máis limpo, mellorar a conexión urbana-rural, incrementar o transporte ciclista e peonil en detrimento do uso da mobilidade motorizada e como resultado de todo, avanzar no obxectivo de lograr unha redución de emisións de Gases de Efecto Invernadoiro e aforro enerxético incrementando o número de viaxes en transporte público urbano, reducindo os viaxes particulares en modo motorizado e incrementando o uso de medios de transporte brandos (bicicleta, a pé) e as áreas peonís da cidade de Vilagarcía.

Dita guía está directamente relacionada coas liñas de actuación VLG_LA03_MOVSOS "Potenciación e mellora da mobilidade urbana sostible de Vilagarcía" e VLG_LA10_MOVPECI "Mellora da mobilidade peonil e ciclista mediante a mellora da infraestrutura ciclista, acondicionamento de itinerarios peonís e recuperación do sistema de VaiBike!". Liñas de actuación enmarcadas dentro da EDUSI Vilagarcía Avanza no eixo estratéxico Cidade Sostible do Obxectivo Temático OT04 de favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en tódolos sectores coa prioridade de inversión PI4e de fomento de estratexias de redución do carbono.

Ademais, a antedita Guía da Mobilidade tamén está indirectamente relacionada coas seguintes liñas de actuación da nosa Estratexia e que son:

- . VLG_LA01_TRANSDIG Transformación dixital do Concello de Vilagarcía de Arousa, VLG_LA02_SMARTCITY Vilagarcía de Arousa Smart City, ambas dentro do eixo Cidade Innovadora do obxectivo temático OT02 que ten como finalidade mellorar o uso e calidade das tecnoloxías da información e da comunicación e o acceso ás mesmas;
- . VLG_LA08_GENEOFER Xeración de oferta deportiva, turística e cultural, VLG_LA19_PATRIHIS Recuperación do patrimonio histórico, cultural e natural, VLG_LA07_SOSAMB Impulso e mellora da sustentabilidade e das condicións ambientais da área urbana de Vilagarcía, enmarcadas no eixo temático Cidade Atractiva dentro do obxectivo temático do OT06 de Conservación e protección do medio ambiente e promoción da eficiencia dos recursos;
- . VLG_LA13_RECESP Recuperación de espazos públicos impulsando as actividades en común,

VLG_LA23_MARMONTA Creación dun parque metropolitano de unión mar-montaña, do eixo Cidade de Tod@s do OT9 que ten como obxectivo promover a inclusión social e loitar contra a pobreza ou calquera outra forma de discriminación .

Por todo elo, e logo da realización da “Guía de da mobilidade: VAI!” por parte da Área de Comunicación precisase levar a cabo a contratación externa para:

a) Difundir e por en coñecemento da cidadanía a información da “Guía da Mobilidade” para o cal é necesaria a impresión e subministro da revista VAI! e así como sobres onde se introducirán dita revista para posteriormente repartir e por a disposición de habitantes e viandantes de Vilagarcía, concretamente precisanse 17.000 unidades da revista VAI! con 32 páxinas máis polípticos centrais de 4 corpos e capas plastificadas e 15.000 unidades de sobres postais sen ventá de medida 115x225

b) Para a dita difusión e posta en coñecemento da cidadanía da información que aparece Guía da Mobilidade, precisase tamén a impresión e subministro de tres tipos de vinilos poliméricos de publicidade: 36 unidades para marquesiñas de medida 50x6cm, 100 unidades para horarios de buses de medida 50x110cm y 100 unidades para Plano Bus Urbano de medida 75x50cm;

c) Por en coñecemento toda a información que aparece na Guía da Mobilidade e unha vez estea realizada a impresión e o subministro da mesma, e imprescindible e necesario o reparto nas caixas de correo das vivendas e locais comerciais da Guía da Mobilidade para calquera persoa dispoña de toda a información no seu fogar e/ou lugar de traballo de Vilagarcía de Arousa.

Para este último traballo, decidese por parte da dirección da EDUSI Vilagarcía Avanza contribuír con esta acción a favorecer a plena inclusión social e visualización de persoas con diversidade funcional mediante a realización do reparto das guías por parte de determinadas Entidades/Asociacións sen ánimo de lucro que actúan no termo municipal de Vilagarcía de Arousa e que atenden a estas persoas co obxectivo fundamental de lograr a súa integración. As asociacións e/ou entidades a contratar na proposta de data 18/09/2019 foron as seguintes:

- Asociación diminuídos psíquicos CON ELES, que traballa con persoas con diversidade funcional intelectual.
- LAR pro-saúde mental, que atende a persoas con diversidade funcional en relación aos trastornos mentais
- Asociación AMENCER, que atende a persoas con trastornos motóricos.
- BATA servizos integrais á comunidade S.L., que ten como obxectivo prioritario mellorar a calidade de vida das persoas con trastorno do espectro autista e das súas familias.

Con data 19/09/2019 a Asociación AMENCER, declina a súa participación debido a causas especiais que lles imposibilita facer dita actividade, motivo polo que se procede a cambiar o informe-proposta debido a que hai unha zona xeográfica que quedaría sen cubrir.

Por todo o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º) Aprobar a “Guía da Mobilidade” dentro do “VAI! Programa municipal de Mobilidade de Vilagarcía”.

2º) Adxudicar, mediante contrato menor con prazo de execución de 15 días, a impresión e subministro da Guía da Mobilidade (Revista VAI!) e sobres para a difusión da “Guía da Mobilidade” á empresa Gráficas Anduriña, S.L. con CIF B36108173 segundo o seu presuposto presentado por un importe total de 6.576,35€ (IVE engadido) segundo o seguinte detalle:

- 15.000 unidades de “Sobres 115x225 sen ventá inspección postal a 1/0 tintas” por importe de 659,45€ (IVE engadido)
- 17.000 unidades da “revista de 32 páxinas+polípticos central de 4 corpos+capas a 4/4 tintas plastificadas 1/C mate grampadas. Interior en mate de 135grs. e capas mate de 250

grs” por importe de 5.916,90€ (IVE engadido).

3º) Adxudicar, mediante contrato menor con prazo de execución de 15 días, a impresión e subministro de vinilos para difusión da “Guia da Mobilidade” nas marquesiñas á empresa Visual Graphics Imagen y Publicidad, S.L. con CIF B36892016 segundo o seu presuposto presentado por un importe total de 2.202,87€ (IVE engadido) para a impresión e subministro (engadido o coste de transporte) de tres tipos de vinilos poliméricos de publicidade:

- 36 unidades para marquesiñas de medida 50x6cm,
- 100 unidades para horarios de buses de medida 50x110cm e
- 100 unidades para Plano Bus Urbano de medida 75x50cm

4º) Adxudicar, mediante contrato menor con prazo de execución de 30 días, o reparto da Revista VAI! nas caixas de correo das vivendas e establecementos comerciais, dividindo o obxecto do contrato en tres lotes, segundo o ámbito xeográfico de reparto da revista VAI! ás seguintes asociacións ou entidades:

LOTE 1: A Asociación Diminuídos Psíquicos CON ELES, con CIF G36296739 por un importe de 377,29€ (IVE engadido) para o reparto nas aproximadamente 830 caixas de correo das vivendas e establecementos comerciais no ámbito xeográfico de zona norte do centro urbano Vilagarcía de Arousa (segundo datos do Departamento de Informática do Concello).

LOTE 2: A LAR Pro-salud Mental con CIF G36119253 por un importe de 531,08 € (IVE engadido) para o reparto nas aproximadamente 1.550 caixas de correo das vivendas e establecementos comerciais no ámbito xeográfico de zona sur do centro urbano Vilagarcía de Arousa (segundo datos do Departamento de Informática do Concello).

LOTE 3: A asociación BATA servizos integrais á comunidade, SL con CIF B94040524 segundo o seu presuposto presentado por un importe de 2.827,28 € (IVE engadido) para o reparto nas 12.300 caixas de correo das vivendas e establecementos comerciais no ámbito xeográfico resto zona urbana e resto parroquias (segundo datos do Departamento de Informática do Concello).

Os importes dos lotes están calculados en base seguinte:

- Un importe fixo de 200,00€ para cada asociación ou entidade por servizo prestado.
- Un importe variable calculado en función do número de repartos a realizar por cada asociación ou entidade multiplicado por 0,2136€ por unidade de reparto.

| LOTES | Importe fixo | Nº unidades | Prezo/ud. | Importe variable | Importe total |
|--------|--------------|-------------|-----------|------------------|---------------|
| LOTE 1 | 200,00€ | 830 | 0,2136€ | 177,29€ | 377,29€ |
| LOTE 2 | 200,00€ | 1.550 | 0,2136€ | 331,08€ | 531,08€ |
| LOTE 3 | 200,00€ | 12.300 | 0,2136€ | 2.627,28€ | 2.827,28€ |

Estes gastos aplicaranse a liña de actuación EDUSI_AT_99994.1a_COMUNICACIÓN da EDUSI Vilagarcía Avanza, con cargo a aplicación orzamentaria 926-2269917 e o proxecto 2018-3-DUSI-7.

PRP2019/4321

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rocio Louzán Blanco, en representación de Centro Comercial Aberto - Zona Aberta, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza da II República, entre os días 4 e o 10 de agosto de 2020, para celebración da 15º Feira de Oportunidades Zona Aberta os días 7, 8 e 9 de agosto de 2020.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes

condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/4322

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Talleres Santiago Iglesias SL para a reparación do vehículo matrícula 1499BMC adscrito ao citado Servizo, por un importe total de 1.755,89 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.214.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/4323

Visto o escrito de D. Guillermo Lariño Noya, en representación da Comunidade de Propietarios Centro Comercial Arousa solicitando autorización para colocación de bandeiras publicitarias con motivo da inauguración dun local no Centro Comercial, entre os días 20 de setembro e 4 de outubro, a instalar fos farois da Avda. das Carolinas (5), Avda. Rodrigo de Mendoza (13), Praza de Galicia (4) e Rúa Castelao (7).

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Dende o punto de vista do tráfico, debe terse en conta que a súa colocación non debe afectar á visibilidade nos cruces ou na circulación.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil que poida cubrir calquera dano derivado da mesma (desprendementos, vos, etc).
- Deberán proceder á súa retirada unha vez pasado o prazo indicado.
- A publicidade está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/4324

Dáse conta de escrito presentado por D. Mariano Dos Santos Dos Santos, solicitando autorización para instalar un inchable na Praza da II República os días 4, 5 e 6 de outubro.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a autorización solicitada, tendo en conta que este tipo de instalacións autorízanse unicamente de forma esporádica durante a celebración de Festas ou Eventos.

PRP2019/4325

Dáse conta do escrito presentado por D. Joasquín Llorca Lis, en representación do Colexio Oficial de Enfermería de Pontevedra, solicitando autorización para ocupación de vía pública para celebrar un acto informativo na Praza de Galicia o día 4 de outubro de 2019 (semana da lactación materna).

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/4326

Dáse conta do escrito presentado por d. Manuel Martínez Loira, como Administrador da Comunidade de Propietarios Vista Alegre nº 56, denunciando molestias por ruídos e malos olores procedentes da vivenda 1º D do citado Edificio, causadas pola tenza de animais (cans) na mesma. Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que realizada inspección comprobouse a existencia de 3 animais de pequeno tamaño, non observando que se atopen en mal estado de coidados e non percibindo cheiro fora do normal.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar á Comunidade de Propietarios que en relación cos ruídos, no caso de persistir, os/as veciños que teñan molestias poden reclamar a presenza policial a efectos de realizar a correspondente medición sonométrica.

PRP2019/4375

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por COPRAROSA SL para o subministro de material para reparación de beirarrúas en distintos lugares (Rúa Baldosa, Rúa Valle Inclán-entorno Cavadelo, rúa do Parque, Rúa Emilia Pardo Bazán, Avda. As Carolinas e Rúa Ramón Cabanillas), por un importe total de 5.752,85 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.210.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/4376

Vista a proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por COPRAROSA, SL. para o subministro de area para reposición dos areiros dos seguintes Centros Escolares: CEIP Arealonga; CEIP A Lomba, Vagalume; CEIP Piñeiriño e CEIP A Escardia, por un importe total de 2.374,02 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/4378

Dáse conta do escrito presentado por Culb Olimpic Vilagarcía solicitando o cambio de datas para a realización dos talleres de Taekwondo e Zumba que tiñan previsto realizar o día 14 de setembro na Praza de Galicia, para o día 28 de setembro no mesmo lugar.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar o cambio de datas solicitado, debendo axustarse ás condicións que se lle fixaban no acordo de data 9 de setembro de 2019.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2019/4344

Dáse conta da sinatura do convenio para a concesión dunha subvención á Entidade Cruz Vermella de Vilagarcía, por importe de 6.600,00 € para o desenvolvemento de actuacións e actividades dirixidas a paliar situacións de emerxencia social de carácter urxente e inmediato dirixidas a persoas en posible situación de risco de exclusión durante o ano 2019, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EMPREGO

PRP2019/4355

Dáse conta de resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra, na que se aproba a certificación acreditativa achegada polo Concello, relativa á continuidade da actividade, unha vez transcorrido a metade do prazo de contratación laboral de trinta e seis traballadores/as a tempo completo por un período de 9 meses e se recoñece a obriga e orde o pagamento a este Concello do importe de 163.221,15 € (50% da subvención), en concepto de aboamento do segundo anticipo pola continuidade da actividade.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

MERCADOS

PRP2019/4358

Dáse conta do escrito de D. Manuel Traico Alvarez, solicitando autorización para instalar unha máquina de asar castañas de un metro, o día 1 de novembro de 2019, no exterior do Cemiterio Municipal de Vilagarcía de Arousa.

Visto o informe do Servizo de Mercados acordase conceder a autorización con carácter de precario, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá estar en posesión da documentación necesaria para o exercicio da venda.

- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta ao Negociado de Rendas.

PRP2019/4359

Dáse conta do escrito de Dona Carmen Traico Romero, solicitando autorización para instalar unha máquina de asar castañas na esquina da Rúa Valentín Viqueira e Rúa Alcalde Rey Daviña durante o período de outono e inverno, como en anos anteriores. Visto o informe do Servizo de Mercados acordase acceder ao solicitado co carácter de precario.

A presente autorización concedese condicionada ó seguinte:

- Deberá estar en posesión da documentación necesaria para o exercicio da venda.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta ao Negociado de Rendas.

PRP2019/4360

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Carlos López Ferro, en representación da Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, solicitando autorización para a apertura da praza de abastos o día 12 de outubro.

Dáse conta do informe do Xefe de Mercados, no que se indica que a Consellería de Economía, Emprego e Industria, na Orde do 11 de outubro de 2018 establece os domingos e festivos nos cales se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2019, no cal figura o día 12 de outubro como día autorizado.

A Xunta de Goberno Local en base á disposición da Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como da Mesa Local de Comercio, acorda acceder ao solicitado.

PRP2019/4361

Dáse conta do escrito de Dona M^a Isabel Gómez Vicente, solicitando autorización para instalar un posto de rosquillas e lambetadas, de 4 metros lineais, nas inmediacións do Cemiterio Municipal de Vilagarcía de Arousa, o día 1 de novembro. Visto o informe do Servizo de Mercados acordase acceder ao solicitado co carácter de precario.

A presente autorización concedese condicionada ó seguinte:

- Deberá estar en posesión da documentación necesaria para o exercicio da venda.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta ao Negociado de Rendas.

PRP2019/4362

Dáse conta do escrito de D. Manuel Traico Alvarez, solicitando autorización para instalar unha máquina de asar castañas na Praza de Galicia durante o período de outono e inverno, como en anos anteriores. Visto o informe do Servizo de Mercados acordase acceder ao solicitado co carácter de precario.

A presente autorización concedese condicionada ó seguinte:

- Deberá estar en posesión da documentación necesaria para o exercicio da venda.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta ao Negociado de Rendas.

SANIDADE

PRP2019/4198

Vista a solicitude de D. José Antonio Lago Agulleiro titular da licenza de taxi nº14 de autorización para colocación de publicidade nas portas posteriores do vehículo auto-taxi. A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a colocación de publicidade da Empresa Galmotor Comercial del Automóbil SL, cunhas medidas de 25 de alto por 50 de longo colocada no panel superior das portas traseiras. Na parte traseira poderase colo car unha cinta de 15 cm. de alto colocada na parte superior ou inferior da luneta sen que impida a visibilidade.

Recórdaselle que se quere cambiar a publicidade terá que solicitalo de novo, e que so se poderá utilizar publicidade un sponsor por taxi.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que unha vez instalada a publicidade deberá comunicalo ó Concello para comprobar que se axusta á normativa vixente

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2019/4363

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao abeiro das bases reguladoras que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á mocidade durante o ano 2019 (DOG nº 23 do 1 de febreiro de 2019) para a actividade denominada TECNOVERÁN 2019 e tamén da imposibilidade de xustificación da totalidade do proxecto debido á non realización de todas as actividades incluídas no mesmo, facendo constar:

PRIMEIRO: Que Do proxecto denominado TECNOLOXÍAS EMERXENTES: FORMACIÓN (Hack the Vila) E CAMPAMENTO URBANO – TECNOVERÁN 2019, se realizou a parte campamental, do 2 ao 6 de setembro, participando un total de 20 mozos e mozas, tal e como consta na memoria.

De todo o programa subvencionado non se levou a cabo a parte formativa, debido á non

cobertura de prazos.

Que se realizou esta parte do programa (Tecnoverán 2019) de acordo coa finalidade para a que se concedeu a subvención e de xeito gratuíto para os/as participantes.

Que os gastos que figuran na presente conta xustificativa se realizaron e aplicaron á actividade subvencionada, quedando á disposición da Dorección Xeral de Xuventude para o seu exame, de se considerar oportuno, o xustificantes correspondentes.

SEGUNDO:

O concepto e contía correspondente ao gasto total soportado polo Concello, entidade beneficiaria, imputable á actuación subvencionada (a parte campamental), é o seguinte:

| Nº Fra. | Data | proveedor | cif | Concepto | importe | data de pagamento |
|----------|------------|--------------------------------|-----------|-----------------------------------|----------|-------------------|
| PO5/2019 | 17/09/2019 | XENEME INTERVENCIÓN SOCIAL SLL | B15893159 | TECNOVERÁN CAMPAMENTO TECNOLÓXICO | 2.750,00 | |

TERCEIRO: O conxunto de axudas solicitadas ou concedidas para este mesmo proxecto, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, independentemente da concedida ao abeiro desta orde, son as seguintes:

| ENTIDADE CONCEDENTE | CANTIDADE SOLICITADA | CANTIDADE CONCEDIDA |
|---------------------|----------------------|---------------------|
| x | NINGUNHA OUTRA AXUDA | |

CUARTO

O Concello de Vilagarcía de Arousa declara estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma

QUINTO

Que se lle deu difusión á subvención obtida facendo constar a colaboración da XUNTA DE GALICIA (DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE), a través da páxina web do Concello e da correspondente cartelería.

CULTURA

PRP2019/4063

Vista a solicitude de D. José Ramón Alonso de la Torre Núñez, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García o día 18 de outubro de 2019, en horario de 20:00 a 22:00 horas, con motivo do acto da presentación da novela "Expediente Ojos de Orgasmo", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2019/4366

Vista a solicitude de D. Javier López Valeiro, en representación de Undodez SL AINE PRODUCCIÓN SL Y OQUETEÑO MEDIA SL UTE e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal os días 10 e 11 de xaneiro de 2020, durante todo o día, con motivo da representación do Espectáculo "Fariña", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

A venda de entradas será a través da canle Ticketea.com, cun prezo de entrada de: Zona A 22,00 €; Zona B 20,00 € e Zona C 18,00 €, máis os gastos de xestión, segundo a zona, e a recadación obtida será para a entidade solicitante.

Así mesmo comunícaselle que será a cargo do solicitante o gasto bancario ou de correos correspondente ao ingreso de recadación de venda de entradas en taquilla o mesmo día da actuación.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

| ESPAZO | DÍAS/HORA S | IMPORTE TOTAL |
|---------------------------------------|-------------|---------------|
| Salón de Actos do Auditorio Municipal | 2 días | 529,40 € |
| PERSONAL: - Responsable de sala | Día 10-01 | 102,00 € |
| | Día 11-01 | 102,00 € |
| - Operarios (2) | Día 10-01 | 204,00 € |
| | Día 11-01 | 183,60€ |
| - Persoal de Taquilla (2 persoas) | Día 10-01 | 163,20 |
| | Día 11-01 | |
| TOTAL | | 1.284,20 € |

Dar conta ao Departamento de Rendas

PRP2019/4367

Vista a solicitude de D. Javier López Valeiro, en representación de Ainé Producións SL e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase ampliar para o día 6 de outubro a autorización concedida pola Xunta de Goberno Local de data 10 de xuño de 2019 para o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal os días 4 e 5 de outubro de 2018, durante todo o día, para a representación do espectáculo "Unha Noite na Praia", protagonizada por Xosé Touriñan e Carlos Blanco, mantendo as mesmas condicións que se fixaban no citado acordo.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

| ESPAZO | IMPORTE TOTAL |
|---------------------------------------|---------------|
| Salón de Actos do Auditorio Municipal | 264,70 € |
| PERSOAL: - Responsable de sala | 51,00 |
| - Operarios (2) | 51,00 |
| TOTAL | 366,70 € |

Dar conta ao Departamento de Rendas

CONTRATACIÓN

PRP2019/4368

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo e Mobilidade, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de subministro denominado "SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE SISTEMA DE ALARMA NA ESCOLA INFANTIL DE VILAXOÁN, CONEXIÓN A CENTRAL E MANTEMENTO DO SISTEMA" á mercantil Sistemas de Seguridade A1, por un importe de 3.037,00 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE de 637,77 € (21%), o que totaliza un prezo de adxudicación de 3.674,77 € (IVE incluído), con cargo á partida orzamentaria 323.213, de conformidade coa oferta presentada.

Prazo de execución do contrato: 1 mes.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/4370

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 5/08/2019, aprobou as certificacións de obra seguintes:

-Certificación nº 3 da obra 1ª Fase da humanización da rúa Cervantes en Carril. Dusi (2) Nº 01/11/2018, presentada polo contratista Montajes J.M. Iglesias, S.L., por importe de 29.350,28 € e número de rexistro F/2019/5645 (PROP2019/3672).

- Certificación nº 4 da obra Humanización da rúa Vázquez Leis en Vilaxoán Dusi (2) Nº 02/11/2018 presentada polo contratista Nexia Infraestructuras, S.L.U., por importe de 25.305,99 € e número de rexistro F/2019/5611 (PROP2019/3673).

Ditas certificacións de obra foron sometidas á consideración da Xunta de Goberno Local do día 29/07/2019 pero foron retiradas da orde do día, se ben, por erro, ó redactar a acta da sesión, fíxose constar que foron aprobadas (PROP 2019/3541 e PROP2019/3544).

Tendo en conta anterior, así coma o disposto no art. 109 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Xunta de Goberno Local acorda que deixe sen efecto os acordos de aprobación de ditas certificacións que figuran na acta da sesión celebrada o 29/07/2019.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2019/4398

Acórdase o recoñecemento de Obriga para a factura con numero de Rexistro de Entrada

2019/5953 co seguinte desglose:

| Nº Registro Factura | Documento | Fecha Doc. | Aplicación | Importe | Nombre Ter. | Texto Libre |
|---------------------|-----------|------------|-------------------|-----------|--|---|
| F/2019/5953 | F19 315 | 02/08/2019 | 2019 920 62300 | 44.768,79 | INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO DEL LEREZ, S.L.U. | Suministro, instalación y puesta en funcionamiento de aire acondicionado y extracción de aire en aseos en la segunda pl |

PRP2019/4400

Acórdase o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2019/136 co seguinte desglose:

| Nº Registro Factura | Documento | Fecha Doc. | Aplicación | Importe | Nombre Ter. | Texto Libre |
|---------------------|---------------------|------------|--------------------|-----------|--------------------------------------|--|
| F/2019/6771 | Emit- 30 | 20/08/2019 | 2019 338 203 | 90,18 | ALYSER SALNES, S.L. | Alquiler de Rodillo del 14/08/19 al 18/08/19 (Parking As Bocas) |
| F/2019/6773 | Emit- 5 | 27/08/2019 | 2019 2312 22799 | 740,00 | O SOÑO DE LILITH | REPARTO INFOMRACION POLOS LOCAIS DE VILAGARCIA E INFORMACION SOBRE O PUNTO LILA EN DIFERENTES NEGOCIOS E ASOCIATIONS XUV |
| F/2019/6817 | 01 00101---19001438 | 31/08/2019 | 2019 926 22602 | 387,20 | RADIO PONTEVEDRA, S.A. | FIESTAS SAN ROQUE / FIESTAS SAN ROQUE / FIESTAS SAN ROQUE / FIESTAS SAN ROQUE / FIESTAS SAN ROQUE |
| F/2019/6818 | Emit- 69 | 31/08/2019 | 2019 926 22602 | 1.089,00 | BALSA PUBLICIDAD, S.L. | TELEVISION DE GALICIA-DESCONEXION PONTEVEDRA (SAN ROQUE) |
| F/2019/6828 | Emit 406 | 03/09/2019 | 2019 338 22609 | 26.257,00 | ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L. | CACHÉ DE LA ACTUACIÓN DE XOEL LÓPEZ EN LAS FIESTAS DE SAN ROQUE 2019 EL DÍA 21 DE AGOSTO DE 2019 / DERECHOS DE SGAE |
| F/2019/6836 | PV19 195 | 30/08/2019 | 2019 926 22602 | 484,00 | EDITORIAL CAPITAL, S.L. LA | CONCELLO DE VILAGARCIA: FESTAS DA AUGA 2019 SAN ROQUE VILAGARCIA 2019 14/08/2019 |
| F/2019/6837 | PV19 196 | 30/08/2019 | 2019 926 22602 | 484,00 | EDITORIAL CAPITAL, S.L. LA | CONCELLO DE VILAGARCIA: FESTAS DE SAN ROQUE 2019 18/08/2019 |
| F/2019/6861 | 2191046288 | 31/08/2019 | 2019 926 22602 | 871,20 | UNIPREX, S.A.U. | EMISORA: PONTEVEDRA OCR; O.PUBLI: 1772013231; ANUNCIANTE: SAN ROQUE 19; P.EMISION: 14-14/08/2019; CL: Outros; DUR.: 1; |
| F/2019/6865 | 171 | 19/08/2019 | 2019 338 22609 | 268,00 | ASOC. CUL. N. S. XUNQUEIRA | ACTUACIÓN NAS FESTAS DE SAN ROQUE 2019. FESTAS POPULARES E FESTEXOS. |
| F/2019/6869 | Emit-1 1901 | 29/08/2019 | 2019 338 22799 | 9.989,76 | WAKE UP PRODUCCIONES, S.L. | Persoal de seguridade / Persoal de produción / Material de infraestructuras e portes / Mobiliario cameríns e catering / |
| F/2019/6905 | P19 009034 | 31/08/2019 | 2019 926 22602 | 121,00 | LA VOZ DE GALICIA, S.A. | FIESTAS SAN ROQUE 19; AGO-23; La Voz de Galicia; Arousa; Modulo Esp.paginas; 5x2 MOD; |
| F/2019/6907 | P19 009035 | 31/08/2019 | 2019 926 22602 | 1.216,05 | LA VOZ DE GALICIA, S.A. | CONCELLO VILAGARCIA- SAN ROQUE II; AGO-14; Monográficos Voz Galicia (I); Arousa; Media Página; 5x5 MOD; / CONCELLO VILAG |
| F/2019/7015 | 2019/0002797 | 31/08/2019 | 2019 926 22602 | 517,88 | FARO DE VIGO, S.A. | Publicidad: K0000001822 Tamaño: 1X1 CONCELLO DE VILAGARCIA - 09/08/2019 (_) / Publicidad: A0000006220 Tamaño: 1X1 CONC |
| F/2019/7019 | 2019/0002924 | 31/08/2019 | 2019 926 22602 | 559,02 | FARO DE VIGO, S.A. | Publicidad: A0000006223 Tamaño: 1X1 CONCELLO DE VILAGARCIA - SAN ROQUE - 18/08/2019 (_) |

| | | | | | | | |
|-----------------|--------------|----------------|---------------|-----|-----------|------------------------------------|--|
| F/2019/72 06 | 0780200294 | 31/08/ 2019 | 2019 22602 | 926 | 749,47 | RADIO POPULAR, S.A. | 190044- SAN ROQUE 2019 (CONCELLO VILAGARCIA) / 190044- SAN ROQUE 2019 (CONCELLO VILAGARCIA) |
| F/2019/72 13 | 17/2019 | 19/08/ 2019 | 2019 22609 | 338 | 400,00 | ASOC. CUL. NOS | ACTUACIÓN PASARRÚAS PANDERETEIRAS/OS FESTAS DE SAN ROQUE O DÍA 19 |
| F/2019/72 14 | 01/2019 | 20/08/ 2019 | 2019 22699 | 338 | 70,59 | COELLO GARCIA, MIGUEL | PORTEAR IMAXE NA PROCESIÓN DE SAN ROQUE 2019 |
| F/2019/72 15 | 01/2019 | 20/08/ 2019 | 2019 22699 | 338 | 70,59 | EXPOSITO CHANTADA, JUAN JOSE | TRASLADO IMAXE DE SAN ROQUE NA PROCESIÓN 2019 |
| F/2019/72 16 | 01/2019 | 20/08/ 2019 | 2019 22699 | 338 | 70,59 | CAAMAÑO MARCOS, JOSE CARLOS | PORTEAR IMAXE NA PROCESIÓN DE SAN ROQUE 2019 |
| F/2019/72 17 | 01/2019 | 20/08/ 2019 | 2019 22699 | 338 | 70,59 | OUBIÑA VILLARONGA, GUILLERMO | PORTEAR IMAXE NA PROCESIÓN DE SAN ROQUE 2019 |
| F/2019/72 22 | 01/2019 | 20/08/ 2019 | 2019 22699 | 338 | 70,59 | MARIN PAZ, AMADEO | PORTEAR IMAXE NA PROCESIÓN DE SAN ROQUE 2019 |
| F/2019/72 23 | 01/2019 | 20/08/ 2019 | 2019 22699 | 338 | 70,59 | FERNANDEZ JIMENEZ, JOSE | PORTEAR IMAXE NA PROCESIÓN DE SAN ROQUE 2019 |
| F/2019/72 24 | 01/2019 | 20/08/ 2019 | 2019 22699 | 338 | 70,59 | CAAMAÑO GALBAN, JOSE | PORTEAR IMAXE NA PROCESIÓN DE SAN ROQUE 2019 |
| F/2019/72 45 | A 2019/A/275 | 10/09/ 2019 | 2019 22602 | 926 | 726,00 | TELEV. MANCOMUN. SALNES, S.L | Emisión campaña ""Festas San Roque de Vilagarcía 2019"". Ingreso en cta. ES52 2080 5448 6230 4012 6714 |
| | | | | | 45.443,89 | | |

PRP2019/4401

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a convalidación do expediente de gasto mediante informe dos concelleiros/as delegados/as para os xustificantes de gastos que de seguido se relacionan e que se integran na relación de facturas F/2019/137, co seguinte detalle:

| CONCEPTO | IMPORTE | APLICACIÓN |
|---|----------|------------|
| CONVALIDACIÓN do acto de gasto de compra de 300 catálogos para o 75 aniversario de Fundiones Rey da empresa GRAFICAS ANDURIÑA SCG. | 1.326,00 | 334-22631 |
| CONVALIDACIÓN do acto de gasto de compra dunha lámpara no proxector da aula CEMIT da empresa SERVICIOS TECNICOS INTEGRADOS DEL NOROESTE, S.L. | 263,47 | 241-213 |

Acórdase así mesmo o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2019/137, por importe de 98.189,50€ co seguinte desglose:

| Nº Registro Factura | Documento | Fecha Doc. | Aplicación | Importe | Nombre Ter. | Texto Libre |
|---------------------|-------------------|----------------|---------------|---------|-------------|---|
| F/2019/639 2 | 2019/1980 | 31/07/2 019 | 2019 22700 | 1623 | 92.488,85 | SOGAMA, S.A. Tratamento RU Mes Xullo 2019 |
| F/2019/646 5 | F 191444 | 12/08/2 019 | 2019 22631 | 334 | 1.326,00 | GRAFICAS ANDURIÑA, SCG Catálogos de 36 páxinas a 4/4 tintas + portadas con solapas de 9 cm., a 4/0 tintas plastificadas 1/cara mate. Encuaderna |
| F/2019/667 | A 2019/A/19132 | 27/08/2 | 2019 | 334 | 121,00 | COMARFI, S.L. 051072100 BANDERA LUNA CON ESCOBA |

| | | | | | | | |
|-----------------|--------------------|----------------|---------------|------|-----------|-------------------------------------|--|
| 5 | 5 | 019 | 22699 | | | | BRUJA 100X50 A PICO |
| F/2019/670 1 | Rect-7-25 2019 | 30/07/2 019 | 2019 22609 | 334 | 350,00 | EMPRESA PEREIRA, S.L. | Rect. 7-25 2019 / 28/07/2019 Traslado de la Banda de Musica de la Brilat (Pontevedra) a Carril; espera y regreso (SOLI |
| F/2019/670 2 | Rect-6-50- 2019 | 17/06/2 019 | 2019 22703 | 334 | 264,00 | EMPRESA PEREIRA, S.L. | Rect. 6-50- 2020 / Servicio de Promoción Cultural desde Bamio (Asoc Mulleres de Bamio) a Santiago de Compostela (Cidade |
| F/2019/674 1 | 19001622 16 | 05/08/2 019 | 2019 213 | 241 | 263,47 | SERV. TEC. I. NOROESTE, S.L. | GO Lamps (Manuf P/N GL234) (sustitución lampara proyector CEMIT matosinhos) |
| F/2019/684 4 | 5/19 | 04/08/2 019 | 2019 22609 | 334 | 225,00 | ASOC. CORAL ROSALIA DE CASTRO | ACTUACIÓN FESTAS NOSA SRA. DOS ANXELES EN TRABANCA SARDIÑEIRA O DÍA 04. CULTURA |
| F/2019/685 3 | A 19000628 | 31/08/2 019 | 2019 22000 | 926 | 401,18 | SKETCH SYSTEM, S.L. | COPIA B/N A3 KONICA MINOLTA C658 (SOLICITADO POR:MANUEL VILLALONGA DPTO. DE COMUNICACION SOCIAL PERIODO: 23/07/19 al 23 |
| F/2019/739 3 | P05/2019 | 17/09/2 019 | 2019 22624 | 2314 | 2.750,00 | XENEME INTERV. SOCIAL S.L.L. | TECNOVERAN 2019: Campamento urbano de tecnoloxia. (25h) |
| | | | | | 98.189,50 | | |

PRP2019/4404

Acórdase o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas N° F/2019/116, por importe de 8.816,76€ co seguinte desglose:

